

MERCADO LABORAL GALEGO (ANO 2002)

No ano 2002 introduciron-se modificacións importantes na Enquisa de Povoación Activa (EPA), que afectan aos aspectos metodolóxicos relativos ás definicións das variábeis e o proceso de cálculo de resultados. Concretamente, a partir do primeiro trimestre deste ano produciron-se os seguintes cambios:

- ✓ Usan-se as novas proxeccións de povoación do INE, coa intención de recoller o efecto da povoación inmigrante.
- ✓ Reforma-se o cálculo dos totais, para intentar corrixir a falla de resposta dalguns colectivos.
- ✓ Aplica-se a nova definición de parado. Introduce-se un cambio na interpretación de busca activa de emprego. De acordo co novo regulamento, o contacto coa oficina de emprego exige-se que sexa nas catro últimas semas por algunha das seguintes razóns: se a persoa se inscribe por primeira vez despois dun período de emprego ou inactividade, que a persoa se informe sobre posibles ofertas ou recibe unha proposta de emprego da oficina.

En consecuencia, unha parte das persoas que até o de agora eran consideradas como paradas pasarán a formar parte das inactivas.

Pode-nos servir como exemplo para ilustrar os cambios metodolóxicos as diferenzas que hai nas principais variábeis no primeiro trimestre de 2001 coa antiga e nova metodoloxía:

- A povoación de máis de 16 anos medrou en 26.100 persoas
- Os activos medraron en 39.000.
- Os ocupados medraron en 68.5000.
- Os parados descenderon en 29.400.
- A taxa de actividade medrou 1,1 puntos.
- A taxa de ocupación medrou 2,4 puntos.
- A taxa de paro descendeu 3 puntos.

Estas novidades fan que os datos que acheguemos neste informe non sexan homoxéneos cos de informes anteriores, cousa teremos que ter en conta á hora de facer comparacións. Queda claro que os datos que se facilitan neste informe, do ano 2001 e 2002, son con esta nova metodoloxía e polo tanto varían con respecto ao informe do ano pasado e anteriores.

Unha vez aclarado o anterior, comezamos analisando a evolución das principais variábeis do mercado laboral, en Galiza, neste último ano 2002.

	2001	2002	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
Pov. maior de 16 anos	2.360,4	2.372,2	11,8	0,5
Activos	1.194,5	1.220,5	26,0	2,2
Ocupados	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9
Parados	131,8	148,3	16,5	12,5
Inactivos.	1.163,3	1.151,8	-11,5	-0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais

Dá-se un medre da poboación maior de 16 anos en Galiza dun 0,5%, poboación que pasa a sumar os activos que se incrementan nun 2,2%, mentres a poboación inactiva descende nun 0,9%.

Este bo dado que en principio é o aumento dos activos, perde parte do seu valor cando vemos o reparto entre ocupados e parados, xa que son estes últimos os que en maior medida se incrementan. Mentres a poboación ocupada somente medra un 0,9%, o número de parados aumenta un 12,5%.

A taxa de actividade, con estes novos datos, situa-se no 51,4% da poboación maior de 16 anos, con fortes diferenzas entre homes e mulleres: a taxa de actividade entre os homes acada o 62,2% dos maiores de 16 anos, 0,6 décimas máis que hai un ano; e a das mulleres o 41,6%, 1 punto máis que hai un ano. Vemos como as diferenzas entre uns e outros son de 20,6 puntos.

A baixa participación das mulleres na actividade produtiva denota a falla de postos de traballo existente en Galiza, sobretudo a falla de postos de traballo de calidade, ben remunerados e distribuídos por todo o territorio que permitan ás mulleres emanciparen-se e conciliaren a vida laboral e familiar e non se veren abocadas a abandonar o mercado laboral, como sucede nestes momentos, nun número importante de casos, para faceren-se cargo da familia.

Evolución do emprego

No ano 2002 aumentou o emprego en Galiza un 0,9%: 9.500 ocupados máis houbo de media que en 2001. Esta cativa creación de emprego non foi homoxénea nen por sectores nen por sexos nen por provincias.

No que atinxe á evolución por sectores, achegamos nas táboas seguintes os datos de ocupación por sectores e ramas de actividade dos anos 2001 e 2002 en Galiza.

Poboación ocupada por sectores

	2001	2002	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
S. Primario	158,3	138,1	-20,2	-12,7
Industria	206,5	218,1	11,6	5,6

Construción	130,3	133,4	3,1	2,3
Servizos	567,6	582,6	15,0	2,6
Total	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados en miles.

Povoación ocupada por ramas de actividade económica

	2001	2002	Diferenzas	
			Absoluta	Relativa
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	121,4	108,9	-12,5	-10,3
Pesca e piscicultura	36,9	29,2	-7,7	-20,8
Indústrias extractivas	10,3	9,6	-0,7	-6,8
Prod., transp. e distrib. de enerxía eléctrica, gas e auga	6,4	5,3	-1,1	-17,19
Coqueiras, fab. de prod. químicos e prod. de metais	20,7	17,5	-3,2	-15,4
Fab. de prod. metál. Const.de máq. e mat. mecánico	21,0	20,2	-0,8	-3,8
Fabricación material de transporte	36,7	46,2	9,5	25,8
Indústrias de produtos aliment., bebidas e tabacos	34,8	38,2	3,4	9,7
Indústrias de téxtil, coiro e calzado	30,4	32,3	1,9	6,2
Indústrias de madeira e cortiza	17,4	20,9	3,5	20,1
Indústrias de papel, artes gráficas e edición	9,6	7,7	-1,9	-19,7
Outras indústrias manufactureiras	19,3	20,2	0,9	4,6
Construción	130,3	133,4	3,1	2,3
Comercio por xunto e polo miúdo	131,7	133,1	1,4	1,0
Venda, repar. e mant. veíc. motor. Gasolineiras	28,6	24,8	-3,8	-13,2
Hoteles, restaurantes e bares	53,1	58,5	5,4	10,1
Transporte e comunicación	50,7	52,5	1,8	3,5
Institucións financeiras e de seguros	19,9	20,7	0,8	4,2
Educación	55,2	54,9	-0,3	-0,5
Sanidade	50,8	56,3	5,5	10,8
Administración pública, defensa e S.S.	59,8	62,1	2,3	3,8
Outros servizos	117,7	119,7	2,0	1,7
TOTAL	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados miles.

Un ano máis temos que comezar a análise sobre o emprego en Galiza anunciando unha nova e forte destrución do emprego no **sector primario** galego. Este ano foron novamente máis de 20.000 os empregos que se destruíron neste sector, un 12,7%. Afectou tanto á agricultura como á pesca; aínda que en termos absolutos foi maior o descenso na rama agraria (12.500, un 10,3%), en valores relativos o descenso na rama pesqueira foi alarmante: un 20,8% menos de empregados que durante o ano 2001.

Esta claro que o tema do *Prestige* xa se reflicte claramente no mercado laboral, aínda que a situación pode empiorar cando as distintas ramificacións da catástrofe alcancen as últimas consecuencias.

No que atinxe ao sector agrario, todo parece indicar que a súa crise non ten fin; lonxe quedan os 150.000 empregos, nos cais, segundo a Consellería de Economía de Xunta de Galiza, se ía estabilizar o sector. Neste momento, son 108.900 os ocupados que quedan, e nada parece indicar que esta desfeita vaia rematar aquí, xa que desde os poderes políticos non está habendo nengunha

aposta polo mesmo; máis ben todo o contrario, o desmantelamento do rural continua e nada se fai por evitá-lo.

Nestes momentos, unha sociedade como a galega –que tiña o sector agrario como base– ten menos empregados neste sector que na construción.

No **sector industrial** aumentou un 5,6% o emprego no ano 2002, con fortes diferenzas nas distintas ramas de actividade que o compoñen: a fabricación de material de transporte converteu-se na principal rama de actividade da industria galega; nestes momentos o 21,2% dos traballadores industriais pertencen a esta rama. No último ano medrou a ocupación na mesma un 25,8%.

Indústrias da madeira, téxtil e alimentación foron as outras ramas industriais onde medrou o emprego ao longo de 2002.

Pola contra, temos que destacar o forte descenso do emprego en todo o relativo a enerxía, (17,2%), así como nas indústrias extractivas e químicas.

Polo que respecta á **construción**, aumentou un 2,3% o emprego no 2002 e xa son 133.400 os empregados neste sector.

O **sector servizos**, con 15.000 empregos máis que hai un ano –un 2,6%– tivo unha evolución bastante homoxénea; nas distintas ramas de actividade que o compoñen criou-se emprego salvo en venda, reparación e mantimento de vehículos de motor e gasolinas e en educación, onde descendeu nun 13,2% e 0,5% respectivamente.

Asistimos un ano máis a unha cada vez maior terciarización da economía galega, forte perda de peso do sector primario e un maior peso das indústrias de enclave dentro do sector industrial.

Analisarmos a situación profesional dos ocupados é relevante na medida en que se analiza o xeito de realizar o traballo así como a pertenza ou non dos medios de produción.

Nos anos 2001 e 2002 a distribución foi a seguinte:

	2001	2002	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
Empresarios sen asalariados	196,8	186,1	-10,7	-5,4
Empresarios con asalariados	64,1	65,7	1,6	2,5
Axudas familiares	47,2	35,4	-11,8	-25,0
Asalariados/as	750,1	780,8	30,7	4,1
Outros	4,6	4,2	-0,4	-8,7
Total	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados miles.

En concordancia coa evolución sectorial do emprego está a evolución por situación profesional, xa que descenden as categorías onde o sector primario está máis representado: empresarios sen asalariados e axudas familiares,

ambas en termos moi semellantes en valores absolutos, o que nos leva a pensar que se trata do peche de explotacións onde na maioría dos casos xunto ao titular, que sería o empresario sen asalariados, desaparece a axuda familiar.

A perda de peso do sector primario no total da ocupación, onde abundan as dúas categorías que comentabamos anteriormente, leva a unha maior asalarización da economía. Segundo estes últimos datos, no ano 2002, **o 72,8% dos traballadores galegos son asalariados.**

Pero esta maior asalarización vai parella a un aumento da precariedade do emprego en Galiza. Os últimos datos sobre asalariados segundo tipo de contrato así o demostran.

Porcentaxe de asalariados segundo tipo de contrato e sexo

	2001			2002		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
C. Indefinido	66,8	64,1	65,7	67,2	62,0	65,2
C: temporal	33,2	35,9	34,2	32,8	38,0	34,8
Total	100	100	100	100	100	100

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados en %.

Globalmente, a temporalidade aumentou 6 décimas no ano 2002, pasou dun 34,2% en 2001 a un 34,8% en 2002 pero cunha traxectoria distinta segundo falemos de homes ou mulleres.

Entre os homes descendeu lixeiramente, catro décimas, ao pasar dun 33,2% a un 32,8% en 2002, pero entre as mulleres disparou-se de maneira alarmante, 2,1 puntos nun ano; pasou dun 35,9% en 2001 a un 38% en 2002.

Esta situación é especialmente preocupante na medida que se están destinando cantidades importante de diñeiro público a paliar esta situación e os resultados son totalmente contrarios ao fin que se persegue, o que pon de manifesto a ineficacia destas medidas e, polo tanto, a necesidade de cambio.

A creación de emprego neste último ano afectou de maneira desigual aos homes e ás mulleres:

Evolución da ocupación por sexo

	2001	2002	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
Homes	639,7	646,8	7,1	1,1
Mulleres	423,0	425,4	2,4	0,5
Total	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados miles.

O aumento do emprego masculino case triplicou o medre do feminino, co cal do total de ocupados o número de mulleres non acada o 40%. Somente o 39,6% dos traballadores son mulleres.

Por provincias tamén se deu unha evolución desigual:

	2001	2002	Diferenzas	
			Absolutas	Relativas
A Coruña	423,7	432,7	9,0	2,1
Lugo	148,1	141,9	-6,2	-4,1
Ourense	131,8	134,9	3,1	2,3
Pontevedra	359,1	362,6	3,5	0,9
Total	1.062,7	1.072,2	9,5	0,9

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados miles.

O emprego xerou-se maioritariamente na provincia da Coruña, onde en valores absolutos aumentou en 9.000 persoas, un 2,1%. Salvo no primario –a pesca perdeu 5.600 ocupados dos 15.300 que tiña no ano 2001–, onde se destruíu emprego, no resto dos sectores criou-se cun reparto bastante proporcional en valores absolutos.

Pontevedra, con 3.500 empregados máis, é a segunda en termos absolutos onde máis medra a ocupación, aínda que en termos relativos o aumento foi de só un 0,9%. Aquí o medre foi case exclusivo do sector industrial. Na rama pesqueira destruíron-se 7.700 empregos.

Ourense, conta con 3.100 empregos máis que no ano 2001, empregos xerados exclusivamente no sector servizos, mentres que os outros, ou descendieron lixeiramente ou se mantiveron.

Na provincia de Lugo é na única onde se destrúe emprego globalmente, 6.200 postos de traballo menos que no ano 2001. A forte presenza que a agricultura segue tendo nesta provincia –o 27,3% dos empregos totais desta provincia son nesta actividade fronte ao 10,2% de media en Galiza–, e o forte descenso que este sufriu neste último ano, un 18,6%, son a causa destes resultados. O resto dos sectores practicamente se mantiveron estábeis.

Evolución do paro

O número de parados aumentou fortemente no ano 2002 tal e como anunciábase ao inicio deste documento.

A evolución por sexo, distinguindo entre os que xa traballaron e os que pretenden acceder por primeira vez ao mercado laboral, foi a seguinte:

	2001			2002		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Parados que buscan primeiro emprego	8,5	19,5	28,0	9,0	23,5	32,5
Parados que xa traballaron	45,2	58,6	103,8	48,8	67,0	115,8
Total	53,7	78,1	131,8	57,8	90,5	148,3

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados en miles.

En global, hai 16.500 parados máis que no ano 2001, o que significa un aumento do 12,5% en só un ano.

O número de parados aumentou un 12,5% no ano 2002.

Aumentaron tanto os que pretenden acceder por primeira vez ao mercado de traballo (un 16,07%) como os parados que xa traballaran antes (11,5%).

No que atinxe á evolución por sexo, o medre foi moito maior no caso das mulleres que no dos homes; así, aos xa históricos altos dados de paro feminino temos que sumar un 15,8%, máis este último ano, 12.400 novas paradas máis, o que eleva o número final a 90.500 mulleres sen emprego e en busca del.

Do total de parados o 61% son mulleres, entre os parados que buscan o seu primeiro emprego o número de mulleres eleva-se até un 72,3%, o que pon de manifesto as maiores dificultades con que se topan as mulleres á hora de incorporaren-se ao mercado laboral.

Entre os homes o desemprego medrou un 7,6%, 4.100 novos parados neste último ano.

Con estes novos datos a taxa de paro sitúa-se no 12,2% da poboación activa, 1,2 puntos superior á do ano 2001.

As diferenzas entre homes e mulleres tamén se disparan, mentres a taxa de paro masculina se sitúa no 8,2%, medio punto superior ao ano anterior; a das mulleres aumenta até un 17,5%, 1,9 puntos por riba da do ano 2001.

Poboación parada segundo o tempo da procura de emprego e sexo:

	2001			2002		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 1 ano	27,0	32,6	59,6	34,6	40,6	75,1
De 1 a 2 anos	8,8	14,5	23,3	7,7	14,9	22,6
Máis de 2 anos	17,9	31,0	48,9	15,5	35,0	50,6
Total	53,7	78,1	131,8	57,8	90,5	148,3

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados en miles.

O maior aumento deu-se entre os parados que levan menos dun ano á procura de emprego, que pasou de 59.600 a 75.100, evolución lóxica dada a escasa duración dos contratos e a elevada rotación dos mesmos que existe en Galiza.

Polo que respeita aos parados de longa duración, aumentaron en 1.700 persoas, pero con traxectórias distintas segundo falemos de homes ou mulleres. Entre os homes descendeu e entre as mulleres aumentou o número

de activas nesta situación; así, nestes intres, o 69,2% dos parados de longa duración son mulleres.

Taxas de paro por idade e sexo.

Idade	Homes		Mulleres		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Menores de 29 anos	17,5	18,5	30,2	29,7	20,0	23,4
De 30 a 45 anos	5,8	6,9	14,8	16,5	9,6	11,1
Máis de 45 anos	4,7	4,3	5,1	6,3	4,7	5,0
Total	7,7	8,2	15,6	17,5	11,0	12,2

Fonte: EPA. IGE. Médias anuais. Dados en %.

Malia as fortes diferenzas que existen, pode-se concluir que as altas taxas de paro afectan especialmente ás mulleres e á xente nova:

- ✓ A taxa de paro feminina practicamente duplica a masculina: 17,5 fronte a 8,2.
- ✓ A taxa de paro dos menores de 29 anos practicamente duplica a taxa xeral: 23,4% fronte a 12,2%.

No que atinxe á poboación inactiva, a redución da mesma que anunciábamos ao inicio do documento debe-se á baixa do número de estudantes; as outras categorías manteñen-se estábeis.

Natividade López Gromaz
Gabinete Técnico Confederal. CIG